



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA O FINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL NO MEDIO RURAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e por vacante segundo a disposición adicional 1ª do decreto 176/2015, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a directora de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2019 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento do programa de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto no desenvolvemento dun proxecto de empoderamento da persoa con discapacidade residente en contornas rurais contando cunha metodoloxía de intervención á persoa dende a idade temperá, de cara a promover ao máximo as súas capacidades e habilidades funcionais, contribuíndo a súa mellora física, cognitiva, de comunicación e linguaxe para unha maior independencia e autonomía na vida cotiá.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención das persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, COGAMI é unha entidade de iniciativa social que ten como finalidade conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no





Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

a. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

